

ANUNCIO

A Xunta de goberno local do concello de Valdoviño, en sesión ordinaria que celebrou no día 07 de maio de 2014, adoptou acordo de adxudicar a obra do Programa de Mellora de Camiños de titularidade municipal 2013-2014, da Consellería do Medio Rural e do Mar denominada: "CAMIÑO MONTEFARO-1ª ESQUERDA AO PASAR COPAGRO (MEIRÁS) E OUTROS" co seguinte texto dispositivo:

“Primeiro.- Adxudicar a obra: CAMIÑO MONTEFARO-1ª ESQUERDA AO PASAR COPAGRO (MEIRÁS) E OUTROS” á empresa “JOSÉ NO MANTIÑAN E HIJOS, CONSTRUCCIONES, S.A, CIF: A-15.013.162, por **importe total de Cincuenta e nove mil novecentos cincuenta e seis mil euros con setenta e un céntimos, (59.956,71 EUROS)**; dos que 49.551,00 euros son sen IVE e 10.405,71 euros corresponden o 21% de IVE; por ser a oferta desta empresa a máis ventaxosa. Adxudicáselle dacordo co prego de cláusulas que rexen a contratación e coa súa oferta, e **cun prazo de execución de UN MES**; a contar dende o seguinte ao da sinatura da acta de replanteo.

Segundo.- Notificarlle o presente acordo ao adxudicatario e aos demais candidatos, e publicar a adxudicación no perfil do contratante.

Terceiro.- Formalizar o correspondente contrato coa empresa adxudicataria, quen executará a obra dacordo co proxecto técnico, co prego de cláusulas que rexen a contratación e coa oferta que presentou.

Cuarto.- Enviar a documentación da adxudicación á Consellería do Medio Rural e do Mar para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para cantos trámites deriven da adopción deste acordo.”

Valdoviño, 12 de maio de 2014

O Alcalde,

Asdo.: José Antonio Vigo Lago